



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13 de novembro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. AIBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/5103

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ó escrito da AAVV Agustín Romero de Cornazo solicitando melloras na sinalización en varias zonas da parroquia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se estudarán medidas de mellora cos técnicos municipais e Policía Local.

PRP2017/5107

Vista a proposta do Enxeñeiro de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sistemas de Control Artes Gráficas, S.L.**, para o subministro de 10.000 autosobres con cola para a impresión de comunicacións dirixidas ás persoas xurídicas da posta en marcha da notificación telemática, así como da obriga de relacionarse electronicamente co Concello, tamaño DIN A4, por un importe total de 953,48€ (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 13 de novembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 06/11/2017, que se aprobou por unanimidade.



PRP2017/5108

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.**, para o subministro de cinco monitores BENQ GL2460HM, de 24" por un importe total de 3.516,50€, con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5110

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa Zona Aberta**, solicitando autorización para a realización da VI Media Maratón Solidaria Zona Aberta, o día 26 de novembro, dende as 10:30 ata as 13:30 horas, así como a colaboración municipal para o desenvolvemento da mesma.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo poñerse en contacto co Servizo Municipal de Obras, Policía Local, Protección Civil e Fundación de Deportes aos efectos oportunos.

Dado que parte do percorrido se desenvolve por vías que non son de titularidade municipal, previamente ao desenvolvemento da proba deberá aportar as correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria (Rúa Rivero de Aguilar e Rúa Entrante) e da Xefatura Provincial de Tráfico, para o peche da Estrada PO-548, debendo desviarse dende o PK2.800 pola VGA4.7.

Acórdase así mesmo autorizar a colocación de carteis nos farois de alumeado público.

Previamente á realización da actividade deberán aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para os participantes da mesma e unha vez rematada a actividade deberán proceder á retirada da cartelería.

Deberán designar unha persoa como director-coordinador responsable da seguridade da proba

Así mesmo a organización deberá contar cos medios materiais e humanos necesarios para a sinalización do circuíto e garantir a seguridade da proba.

PRP2017/5111

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para a reparación do camión matrícula 8511-BGT adscrito ao Departamento de Alumeado Público, por un importe total de 2.828,98€ (IVE incluído), con cargo á partida 165-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5112

Dáse conta do escrito de Portos de Galicia comunicando a nova regulación para a tramitación de solicitudes de autorización con destino á celebración de eventos lúdicos nos Portos Autonómicos, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir dito escrito á



Asociación Cultural Repichoca, Confraría de Carril, Confraría de Vilaxoán e Asociación Ameixa Rock.

PRP2017/5109

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** o subministro dunha tablet SPC HEAVEN 10.1" IPS 32 GB/2GB QUAD CORE, por un importe total de 137,32€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/5140

Dáse conta á Xunta De Goberno Local da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a **Fundación Acción Contra el Hambre** para o desenvolvemento do Proxecto "Vives Emprega" cunha aportación municipal de 10.575€ perante o período de marzo a decembro de 2017 con cargo á partida 231.489 do orzamento 2017, segundo os termos establecidos no convenio

PRP2017/5141

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 3º trimestre do ano 2017, Proxecto (3) N° 01/01/2017, coa seguinte desagregación:

- Mes de abril: 26.433,67€
- Mes de maio: 26.963,50€
- Mes de xuño: 27.605,93€
- Regulacións do/s período/s 01/04/2017-30/06/2017: -387,03€

Total nómina neta 3º trimestre: 80.616,07€

Total devengado: 80.616,07€

A Xunta de Goberno queda sabedora.

Emprego

PRP2017/5126

Dáse conta da solicitude de entrega e xustificación do premio correspondente dentro da I Edición dos premios ao Emprendemento Concello de Vilagarcía – Emprande VGA, presentada por **Dona M^a Dolores Ramos Cascallar**.

Visto o informe emitido pola ADL (Mar Caramés) e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda entregar o importe de 3.000,00 € en concepto de Premio na Categoría B, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.489.



PRP2017/5128

Dáse conta de comunicación da Resolución do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de resolución complementaria de concesión de subvencións para a realización do Proxecto de Obradoiro e Emprego denominado "O.E. Forme 16 Concello de Vilagarcía de Arousa", no que se incrementa a subvención concedida ata o importe total de 181.584,20€ polo incremento do salario mínimo no ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/5117

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **STIN S.L.**, para o subministro de diverso equipamento de imaxe, vídeo e son para o Conservatorio de Música, por un importe total de 1.885,05€ (IVE incluído), con cargo á partida 3261.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5121

Vista a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Castroman I SL**, para o subministro dun emisor térmico e dun deshumificador, por un importe total de 324,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5122

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música sobre a programación do curso 2017-2018, dando conta á Xunta de Goberno Local de:

Primeiro: Documentación remitida á Xefatura Territorial, Servizo Territorial de Inspección Educativa e ao Sr. Inspector da Consellería de Cultura e O.U.

Segundo: Dos horarios de traballo do profesorado do Conservatorio Profesional de Música para o curso 2017-2018.

Terceiro: Da comunicación da asignación de tarefas de Coordinación dos Departamentos Didácticos para o Curso 2017-2018 ao profesorado afecto.

Achega así mesmo copia da Programación Xeral Anual para o curso 2017-2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Normalización Lingüística

PRP2017/5136

Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística para aprobar os gastos da celebración do 70 Aniversario da publicación de Cómicos Verdes de Aquilino Iglesia Alvariño, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de gastos por importe total de 4.082,80€, con cargo á partida 334.22637, coa seguinte desagregación:

CONFERENCIANTES: Por importe de 250,00 € cada un.



- D. Xesús Alonso Montero
- D. Henrique Monteagudo Romero
- D. Xosé Manuel Dasilva Fernández
- D. Luciano Rodríguez Gómez
- D. Armando Requeixo Cuba
- Dona Patricia Arias Chachero.

ORGANIZACIÓN/COORDINACIÓN:

- Dona Patricia Arias Chachero (Edición libro): 450,00 €
- Gráficas Anduriña (Impresión 500 exemplares do libro): 1.632,80 €

IMPREVISTOS: 500,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/5134

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total aproximado de 422,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/5129

Vista a proposta da Concelleira da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso da sala da entrada da Biblioteca Municipal para realizar as seguintes exposicións nas datas que se mencionan:

- Traballos realizados polas alumnas do curso de arteterapia, do 24 ao 15 de decembro de 2017, ambos incluídos.
- Sorrisos transformadores, do 2 ao 16 de febreiro de 2018, ambos incluídos.

PRP2017/5130

Vista a proposta da Concelleira da Área de Igualdade para autorizar a Andaina Solidaria Contra a Violencia de Xénero o día 24 de novembro entre as 10:30 e as 13 horas, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita andaina.

Dar conta á Policía Local e Protección Civil.

PRP2017/5131

Vista a solicitude presentada pola monitora do obradoiro “Activa o Corpo, Activa a mente” solicitando autorización para celebrar un magosto o día 17 de novembro de 17:00 a 19:00 horas, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do magosto no pórtico de Fexdega.

Así mesmo acordase a colaboración municipal coa colocación de 3 mesas e 50 cadeiras e a colaboración de Protección Civil.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/5138

Vista a proposta das Concellerías de Cultura e Turismo a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte memoria coa finalidade de xustificar a aportación de 6.000,00€ da Deputación de Pontevedra para as festas de San Roque 2017:

1º Cumpriuse a finalidade da subvención xa que foron contratadas as actuacións musicais de BEBE, do grupo LEILÍA e de María do Ceo; para a animación infantil, realizouse o FESTICLOWN, e imprimíronse programas e foi contratada publicidade en diversos medios de comunicación.

2º Todas as actividades citadas figuran reflectidas na relación seguinte:

Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	APLICADO A PROXECTO	NIF	Nome	Texto Explicativo
F / 171.411	07/08/2017	3.599,75	1.799,87	F36019289	GRAFICAS ANDURIÑA SGG	PROGRAMAS DAS FESTAS DE SAN ROQUE. FESTAS POPULARES E FESTEXOS.
P 704777	15/08/2017	423,50	211,75	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA S.A.	1008 SAN ROQUE VILAGARCIA (CONC. VILAGARCIA)
01 00101-17001518	31/08/2017	379,94	189,97	A36005346	RADIO PONTEVEDRA S.A.	FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE / FESTAS SAN ROQUE / FESTAS
PV17 251	31/08/2017	484,00	242,00	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	CONCELLO DE VILAGARCIA - SAN ROQUE VILAGARCIA 2017 SAN ROQUE VILAGARCIA 2017 12/08/2017
2171043717	31/08/2017	810,70	236,83	A28782936	UNIPREX, S.A.U.	EMISORA: PONTEVEDRA OCR; O.PUBLI: 1772011125; ANUNCIANTE: SAN ROQUE; P.EMISION: 15-15/08/2017; CL: CU; DUR.: 1;
P17 009906	31/08/2017	719,95	359,97	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	AGO-10; Monográficos Voz Galicia (I); Arousa; Media Página; 5x5 MOD; CONCELLO DE VILAGARCIA
2017/0002969	31/08/2017	457,38	228,69	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidad: A0000006533 Tamaño: 1X1 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA - 12/08/2017 ()
0780200288	31/08/2017	762,30	465,41	A28281368	RADIO POPULAR, S.A.	170541- FESTAS SAN ROQUE (CONCELLO VILAGARCIA) / 170541- FESTAS SAN ROQUE (CONCELLO VILAGARCIA)
LP 457-17	06/09/2017	605,00	302,50	36034537T	GONZALEZ CORBACHO, ANGEL ENRIQUE	PROMOCIÓN i EMISIÓN NO PROGRAMA FESTEIROS, EN V TELEVISIÓN, DA FESTA DA AUGA DE VILAGARCÍA DE AROUSA. FESTAS POPULARES
Emit- 8	12/09/2017	726,00	363,00	B36307296	INICIATIVA GALEGA DE COMUNICACION, S.L.	PACK PUBLICITARIO RADIO SALNES SAN ROQUE 2017 (PACK PUBLICITARIO EN AROUSA SI RADIO-RADIO SALNES (SAN ROQUE 2017))
Emit- 201741	13/08/2017	5.203,00	5.203,00	B36375160	COOPERATIVA CULTURAL S.L.	Fra 2017-41 Concerto a cargo do grupo LEILÍA, presentando o seu traballo ""ConSentimento"" o día 13 de agosto de 2017 dent
Emit- -17	17/08/2017	3.630,00	3.630,00	B32324329	MIRANDA PRODUCCIONES, S.L.	CONCERO MARIA DO CEO E COLABORACION CON AROSA BAY 16/7/17 PARQUE XUNQUEIRA
Emit- 3962017	16/08/2017	33.000,00	10.500,00	F15983067	CULTURATIVA SOC. COOP. GALEGA	Fra 396/2017 Realización do festival ""Festiclown Vilagarcia 2017"" do 10 ao 15 de agosto de 2017
2017 25	12/08/2017	21.780,00	21.780,00	B06442289	B2 BELLOTA PRODUCCIONES ARTISTICAS, S.L.	ACTUACIÓN MUSICAL BEBE O DÍA 12/08/17.
TOTALS		72.581,52	45.512,99			

3º Dos 72.581,52€ aos que ascenden estas actuacións, 20.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia, 5.000 € por ABANCA e 6.000 € pola Deputación de Pontevedra. Os restantes 41.581,52€ resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2017 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2017/5142

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local préstalle a súa aprobación ao convenio de colaboración para a concesión dunha subvención, por importe total de 2.000,00€ con cargo á partida 334.489, á Agrupación Micolóxica de Vilagarcía "A Cantarela", para facer fronte aos gastos que orixine a celebración do "Outono Micolóxico



2017”, que se vai a levar a cabo no mes de novembro. Deberá presentarse neste exercicio a xustificación dos gastos realmente efectuados.

PRP2017/5144

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do subministro de 10 traxes romanos para a Cabalgata 2018 a **Begoña Fontan Caeiro** por un importe de 4.840,00€ (IVE engadido) con cargo a aplicación orzamentaria 338.629.

PRP2017/5146

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da Resolución do 12 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, para a realización da actuación denominada “Combate Naval”, facendo constar:

Primeiro: O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida.

Segundo: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello, imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

ACREEDOR	NºFRA.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA	DATA PAGAMENTO
PIROTECNIA PENIDE, S.L.	55	Bombas Combate Naval	35.695,00€	28/08/2017	04/09/2017

PRP2017/5147

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para regular a participación de nenos/as nas carrozas da Cabalgata de Reis 2018 (3 de Reis Magos e 3 carrozas con agasallos que irán acompañando a cada un dos Reis) que se vai levar a cabo o vindeiro día 5 de xaneiro de 2018 ás 19:00 horas.

PRP2017/5148

Dáse conta dos convenios Económico-Cultural entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, para a súa posterior sinatura, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a aportación económica que lle asina o Concello a cada unha das seguintes Asociacións, que ascende a 1.800,00€ con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA RESPONSABLE
ASOC. MM.RR. A PIÑOUSA de Cea	G-36284982	1.800,00€	Mª Dolores Negro Lago
AA.VV. AGUSTÍN ROMERO de Cornazo	G-36135754	1.800,00€	Mª Rita Cores Osorio
AA.VV. FAXILDE de Faxilde	G-36154649	1.800,00€	José Alberto Gomez Araújo
ASOC.CULTURAL MALVEIRAS de Carril	G-36136679	1.800,00€	José Luis Eiras Mollinedo
AA.VV. BREGÁN de O Piñeiriño	G-36137578	1.800,00€	Mª Dolores García Lafuente
ASOC. MM.RR. ANDURIÑA de Sobradelo	G-36261279	1.800,00€	Mónica Mª Miguéns Iglesias
ASOC.MM.RR. FONTECARMOA	G-36530350	1.800,00€	Bárbara Diz García
ASOC. MM.RR. SAN XINÉS de Bamio	G-36204345	1.800,00€	Josefina Ordoñez Ordoñez
ASOC.MM.RR. XIABRE de Guillán	G-36264901	1.800,00€	Mª Dolores Carballo Reguero
AA.VV. O SOUTO de Rubiáns	G-36564797	1.800,00€	Jorge Carlos Abuín Rodríguez
AA.VV. SAN MIGUEL de Trabanca Badiña	G-36180073	1.800,00€	Mª del Carmen Gaité Pastor
ASOC.MM.RR. E CONSUMIDORAS PERLA DE AROUSA de Renza	G-36231106	1.800,00€	Mª Trinidad Diz Vidal
AA.VV. GRUPO SAN ROQUE de Vilagarcía	G-36147924	1.800,00€	Mª del Carmen Vicente Rubianes
AA.VV. SAN ROQUE de Castrogudín	G-36060523	1.800,00€	Julián Abuín Fontenla



AA.VV. A GOLPELEIRA de A Torre	G-36163251	1.800,00€	Antonio G. Domínguez Álvarez
ASOC. MM.RR. E CONSUMIDORAS DE TRABANCA SARDIÑEIRA	G-36236156	1.800,00€	M ^a Isabel Fernández Varela
AA.VV. SAN MARTIÑO DE SOBRÁN –Galáns	G-94045192	1.800,00€	Benito Torrado Insua
AA.VV. DE VILAXOÁN	G-36250504	1.800,00€	Antonio Casás Valoira
	TOTAL	32.400,00€	

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/5153

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 26 de xuño de 2017, concedeuse ao concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de 9.680,00€ para financiar o investimento “Subministro dunha máquina sinalizadora vial”.

Tramitado expediente de contratación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE 21%	Oferta IVE engadido
Representaciones Vázquez Tarrío, S.L.	8.000,00€	1.680,00€	9.680,00€
Baygar, S.L.	7.250,00€	1.522,50€	8.772,50€
Talleres Hércules de Maquinaria, S.L.	8.200,00€	1.722,00€	9.922,00€
Galicia Pul Tec, S.L.	8.000,00€	1.680,00€	9.680,00€

Emitido informe polo encargado de mantementos municipais, unha vez aplicados os criterios d adxudicación resulta a seguinte clasificación:

Licitador	Puntos oferta económica	Características técnicas do ben subministrado	Total puntos
Baygar, S.L.	30	70	100
Representaciones Vázquez Tarrío, S.L.	0	70	70
Galicia Pul Tec, S.L.	0	70	70

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o investimento denominado “Subministro dunha máquina sinalizadora vial”, á empresa **Baygar, S.L. (B12019659)**, por un importe de 7.250,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.522,50€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 8.772,50€, de acordo coa oferta presentada, con cargo á partida 453.62300. Proxecto (2) N^o 01/53/17.

PRP2017/5154

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 26 de xuño de 2017, concedeuse ao concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de 12.000,00€ para financiar o investimento “Subministro de cisterna de rego de emulsión asfáltico”.

Tramitado expediente de contratación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE 21%	Oferta IVE engadido
Representaciones Vázquez Tarrío, S.L.	9.900,00€	2.079,00€	11.979,00€
Baygar, S.L.	9.600,00€	2.016,00€	11.616,00€
Talleres Hércules de Maquinaria, S.L.	9.990,00€	2.097,90€	12.087,90€
Maropsa	9.900,00€	2.079,00€	11.979,00€



Emitido informe polo encargado de mantementos municipais, unha vez aplicados os criterios d adxudicación resulta a seguinte clasificación:

Licitador	Puntos económica oferta	Características técnicas do ben subministrado	Total puntos
Baygar, S.L.	30	70	100
Representaciones Vázquez Tarrío, S.L.	1,64	70	71,64
Maropsa	1,64	70	71,64

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o investimento denominado “Subministro de cisterna de rego de emulsión asfáltico”, á empresa **Baygar, S.L. (B12019659)**, por un importe de 9.600,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.016,00€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 11.616,00€, de acordo coa oferta presentada, con cargo á partida 453.62300. Proxecto (2) N° 01/55/17.

PRP2017/5183

En Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2017 aprobouse a memoria valorada denominada “Melloras de mobiliario urbano no rural” por un importe de 79.490,37€, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a corrección do seu importe que ascende a un total de 79.490,22€.

PRP2017/5184

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención do Fondo de Compensación Ambiental, na súa natureza Non Competitiva, por importe de 13.010,16€ para o proxecto denominado “Adquisición de vehículo destinado a actuación de protección do ambiente e do espazo natural”, facendo constar:

Primeiro: O importe total da subvención destinouse á finalidade para a que foi concedida.

Segundo: Os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais imputables á actuación subvencionada, son os seguintes:

ACREEDOR	NºFRA.	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE EMISIÓN	DE	DATA DE RECOÑECIMENTO DA OBRIGA	DE
Talleres Santiago Iglesias S.L.	VG1700109	Subministración de vehículo NISSAN NV 300	24.700€	10/11/2017		13/11/2017	

PRP2017/5197

Vista a proposta do Concelleiro de Cemiterios para a aprobación do proxecto técnico de “Construción de 80 nichos no Cemiterio Municipal de Vilagarcía” redactada polo Arquitecto Municipal Xoan Xose Rodríguez Cuiña, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito proxecto cun orzamento de 48.400,80€(IVE engadido) con cargo á partida orzamentaria 164.62200. Proxecto (2) N° 01/24/2016.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS



Concello de
Vilagarcía de Arousa

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B

PRP2017/5195

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a instrución pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2017 do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu organismo autónomo e dar conta da mesma aos responsables dos diferentes Servizos Municipais.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.